

PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES AMARANTE PONTEVEDRA

SETEMBRO 2011						
L	M	ME	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13 INICIO EXPOSICION: "O COMERCIO XUSTO en Galicia e no mundo"	14 Exposicion	15 Exposicion	16 Exposicion	17 Exposicion	18
19 Exposicion	20 Exposicion	21 Exposicion	22 DOCUMENTAL "Ouro negro. A verdadeira historia de Starbucks"	23 Exposicion	24 Exposicion	25
26 Exposicion	27 Exposicion	28 Exposicion	29 Exposicion	30 CURSO DE "COMERCIO XUSTO E CONSUMO RESPONSABLE": 1) Curtametraxe: "A historia das cousas" 2) Charla Formativa 3) Obradoiro de tenda		

★ **DOCUMENTAL: "Ouro negro, a verdadeira historia de Starbucks". Xoves 22, 20:00h.**

**Duración:** 82 minutos/ **Idioma:** Inglés (subtitulado español)/ **Países:** Reino Unido, USA / **Ano**2006.



**SINOPSE:** "Ouro negro" é un documental sobre o comercio do café. A industria do café é sumamente lucrativa, as compañías multinacionais embólsanse máis de 80.000 millóns de dólares anuais, o cal converte ao café nun produto rendible a nivel mundial, como o petróleo. Trata sobre os esforzos de varias cooperativas en Etiopía por conseguir un prezo xusto para o seu café, recoñecido como un dos mellores do mundo, e os esforzos do representante da cooperativa por facerse un oco no mercado mundial. Os comerciantes de Nova York, os intercambios internacionais de café e o dobre comercio dos ministros da Organización Mundial do Comercio revelan os moitos retos aos que o representante da cooperativa se enfrenta na súa busca dunha solución para os seus campesiños.

★ **CURSO DE COMERCIO XUSTO E CONSUMO RESPONSABLE. Venres 30, ás 17:00 horas:**

**Curtametraxe "A historia das cousas" + Charla formativa + Obradoiro de voluntariado en tenda.**

- (17:00h a 17:30h): 21 minutos de visionado da **CURTA DOCUMENTAL "A historia das cousas"**.

**SINOPSE:** o documental presenta unha visión crítica da sociedade consumista, describe a economía de materiais (un sistema composto por extracción, produción, distribución, consumo e residuos), expón as conexións entre un gran número de problemas sociais e do ambiente, e convócanos a todos a crear un mundo máis sostible e xusto.

- (17:45h a 19:45h): **CHARLA FORMATIVA SOBRE COMERCIO XUSTO E CONSUMO RESPONSABLE**, presentada por Xan Hermida, principal expoñente do Comercio Xusto en Galicia.

- (20:00-21:00h): **OBRADOIRO PRÁCTICO DE VOLUNTARIADO EN TENDA:** información dos produtos á venda, coñecemento do programa informático e temas prácticos varios (orientado sobretudo a formar a tod@s @s voluntari@s que participan, ou queiran participar, na atención da tenda de Comercio Xusto de Amarante e a aquelas persoas que queiran coñecer o seu funcionamento).

★ **EXPOSICION: "O Comercio Xusto en Galicia e no mundo", todos os días de 11h a 13:30h, e de 17h a 20h. Sábados: aberto pola mañán.** O Comercio Xusto é unha alternativa económica que favorece aos produtores e permite aos consumidores a facer unha compra responsable e consciente, con respecto aos dereitos humanos e medioambientais, á vez de axudar ás comunidades do Sur a vivir con dignidade.

★ **CENTRO DE RECURSOS:** AMARANTE dispón de libros, revistas, artigos, documentais... **que presta a calquera persoa interesada no campo da Solidariedade, a Cooperación e o Ecodesenvolvemento.**